

PROTOCOLO DE ACTUACIÓNS ENTRE A FUNDACIÓN PÚBLICA CENTRO DE TRANSFUSIÓN DE GALICIA (CTG) E ALCER OURENSE PARA O FOMENTO DA DOAZÓN ALTRUÍSTA DE SANGUE E ÓRGANOS.


Santiago de Compostela, 20 de maio de 2005

DUNHA PARTE: o Excmo. Sr. D. Jose Manuel González Álvarez, Presidente do Padroado da Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia, actuando en nome e representación da mesma en virtude das facultades conferidas no artigo 13º dos estatutos da fundación.

E DOUTRA: Dna. Mercedes García Penela, presidenta de ALCER Ourense, actuando en nome e representación do mesmo con DNI.: 52.481.894-B.


Todos eles recoñécense con capacidade legal suficiente para subscribir o presente Protocolo de Actuacións e,

MANIFESTAN



PRIMEIRO: Que a Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia (CTG) é unha fundación pública que ten como obxectivo a promoción, recollida, procesamento, fraccionamento e distribución de hemoderivados aos hospitais da Comunidade Autónoma de Galicia.

SEGUNDO: Que o CTG ten entre os seus fins a realización de actividades e campañas de promoción tendentes á promoción da doazón altruísta de sangue.



TERCEIRO: Que ámbalas dúas partes consideran conveniente o establecemento dun Protocolo de Actuacións polo que se regulen os termos e condicións nas que as entidades asinantes colaborarán conxuntamente nas campañas de promoción da doazón de sangue e órganos na Provincia de Ourense.

CUARTO: Que ALCER Ourense está en disposición legal para desenvolver a actividade sinalada segundo a normativa vixente.

Por todo isto formalizan o presente Protocolo de Actuacións de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: Ambas institucións, no ámbito das súas respectivas competencias, realizarán as accións oportunas conducentes ao fomento da doazón altruísta de sangue e órganos no ámbito da provincia de Ourense.

SEGUNDA: O CTG comprométese facilitará a ALCER Ourense un panel informativo que será utilizado por esta asociación nos diferentes eventos que desenvolvan ao longo do ano. O contido do panel tratará de respectar ao máximo as liñas informativas da campaña que estea facendo nese momento a Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, o material se identificará cos logotipos e informacións adicionais que acorden ALCER Ourense e a Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia.

TERCEIRA: Para mellor adecuación aos fins deste Protocolo de Actuacións, previo coñecemento e beneplácito de ambas partes, poderase solicitar en conxunto ou por separado, axudas a terceiras entidades que puidesen achegar recursos, medios económicos e/ou materiais.

CUARTA: Trala oportuna formalización dos correspondentes instrumentos que se subministren poderanse outorgar premios honoríficos ou distincións de carácter especial a persoas físicas ou institucións, que demostraran un alto espírito cívico, ben a título individual ou colectivo .

QUINTA: De común acordo entre ambas institucións, estudarase a posibilidade de desenvolver programas educativos sobre a doazón de sangue e órganos.

SEXTA: En virtude deste protocolo, poderase realizar calquera outra actividade non recollida expresamente no presente Protocolo de Actuacións, avaliada conxuntamente por ambas institucións, de forma previa á súa posible posta en marcha e trala oportuna formalización do correspondente instrumento que se subministre.

SÉTIMA: Co fin de desenvolver as materias obxecto do presente Protocolo de Actuacións, planificar o programa de actividades e controlar e supervisar as mesmas, se instituirá unha comisión mixta formada por un membro designado por ALCER Ourense e o responsable de Promoción Doazón de Sangue da Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia.

No suposto de desacordo entre as partes que compoñen esta comisión, o presidente do padroado resolverá as distintas cuestións que foran obxecto de diverxencia.

OITAVA: A subscrición do presente protocolo non leva consigo relación contractual algunha entre a Consellería de Sanidade e os profesionais que realicen as actividades obxecto do mesmo.

NOVENA.- Este protocolo entrará en vigor o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2005, prorrogándose de forma tácita por iguais periodos salvo denuncia expresa de cualquiera de las partes, con al menos tres meses de antelación.

DÉCIMA.- Son causa de resolución do presente protocolo:

- a) O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas ou a alteración esencial do seu contido sen contar coa autorización expresa da Consellería de Sanidade.
- b) O mutuo acordo entre as partes.

En razón de interese público, a fundación poderá suspender-la execución do protocolo.

En proba de conformidade, asínase polas partes en duplicado exemplar, no lugar e data antes indicado.

**POLA FUNDACIÓN PÚBLICA
CENTRO DE TRANSFUSIÓN DE
GALICIA**

POR ALCER OURENSE



Asdo.: José Manuel González Álvarez

Asdo.: Mercedes García Penela